

AXUDAS:

COMERCIO

SUBVENCIONS A PEQUENOS COMERCIANTES INDIVIDUAIS AUTÓNOMOS QUE ABANDONEN A ACTIVIDADE COMERCIAL

Normativa: Orden del 18 de febrero de 2010 por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones a los pequeños comerciantes individuales autónomos que abandonen la actividad comercial. [DOG 1 de marzo de 2010](#).

Obxecto: Fomentar o relevo xeracional dos empresarios individuais próximos a alcanzar a idade de xubilación na actividade comercial e a rexeneración do tecido empresarial comercial coa disponibilidad no mercado de novos locais comerciais.

Beneficiarios: Poderán ser beneficiarios da subvención, os comerciantes minoristas que teñan capacidade legal para exercer o comercio, e se dediquen a él de xeito habitual.

Requisitos do titular:

- a) Posuír a condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.
- b) Exercer, como titular do comercio, unha ou varias das actividades comerciais relacionadas no anexo III da orde, de forma ininterrompida durante os últimos dez anos.
- c) Estar en posesión dos correspondentes permisos e licenzas municipais expedidos polos concellos respectivos e, de ser o caso, das autorizacións da Consellería de Economía e Industria.
- d) Ter entre sesenta e sesenta e catro anos de idade no momento da solicitude. Non se outorgará ningunha axuda a quen durante o ano 2010 cumpra os sesenta e cinco anos.
- e) Estar dado de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social nos dez últimos anos de forma ininterrompida.
- f) Comprometerse a abandonar o exercicio profesional da actividade comercial retalista no seu nome, como autónomo, coa obriga de devolver as axudas obtidas e os correspondentes xuros de demora desde o seu pagamento, no caso de reiniciar calquera actividade comercial.
- g) Comprometerse a ceder a un terceiro a actividade comercial de todos os establecementos ou locais de negocio nos cales viña desenvolvendo a dita actividade.
- h) Que o resto de rendementos netos regulares da unidade familiar, sen os ingresos da actividade empresarial en que cesa, non supere os 15.000 euros no último exercicio.
- i) No caso en que o solicitante non sexa propietario do local onde exerce a actividade comercial, deberá ter a autorización do propietario en documento público para poñer o local á disposición do mercado.

Axudas:

Os cedentes percibirán ata acadar a jubilación definitiva e como máximo ata o día en que cumpran os sesenta e cinco anos de idade:

- a) Un pagamento anual, con independencia do número de establecementos comerciais que se posúan e a variedade de actividades comerciais que se viñeran desenvolvendo, con importe que inclúe as cotas correspondentes á Seguridade Social do beneficiario que se fixa na cantidade de dez mil (10.000) euros ata cumprir os sesenta e cinco anos como máximo, rateándose a correspondente ao último ano por meses completos, en función daquel en que se acade aquela idade.

- b) O cónxuxe do cedente que cumpra os requisitos establecidos no artigo 3º.2, terá dereito a percibir un 50% do importe fixado para o titular.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte da publicación da orde no DOGA, ata o día 5 de abril de 2010, ambos incluídos.